

## GRUPO PROVINCIAL

**D<sup>a</sup>. Montserrat Lama Novoa**, Voceira do Grupo provincial de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía da Deputación Provincial de Ourense, en base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu coñecemento e posterior aprobación se procede:

### APERTURA DOS CENTROS OCUPACIONAIS

Fai uns días, a Xunta de Galicia informou nun comunicado que os centros ocupacionais deberían permanecer pechados ata o 1 de setembro .

Este acordo impide a moitas asociacións sen ánimo de lucro, ofrecer aos seus usuarios as terapias necesarias para o seu día a día.

Asociacións como LIMISI, en Xinzo de Limia, que realiza unha tarefa exemplar desde fai moitos anos e que se sitúa como un referente dos servizos sociais da Comunidade Autónoma Galega, está na obriga de permanecer pechada por unha decisión allea sen fundamento.

Unha asociación moi importante para a vila, e na que a veciñanza se involucra sempre co extraordinario traballo que levan adiante as 9 mulleres que conforman o equipo profesional.

Traballan para máis de 50 familias de distintos concellos de toda a comarca:

Xinzo de Limia, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Vilar de Santos, Vilar de Barrio, Trasmiras, Calvos de Randín, Os Blancos, Baltar, Maceda, Xunqueira de Ambía, Baños de Molgas, Allariz e Cualedro.

A tarefa principal é o desenvolvemento de terapias para persoas con diversidade funcional. As familias destas persoas trasladan a diario que se están a ver

seriamente danadas por esta situación, e que ven esta medida como un grave erro de cara o benestar dos usuarios, posto que 6 meses sen estas terapias son ANOS DE RETROCESOS.

Desde a Asociación Limisi, transmítesenos desde fai varios días, a súa preocupación sobre o futuro dos usuarios e das familias por verse “confinados”, namentres Galicia se desescala.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos ao pleno os seguintes **ACORDOS**:

1. Instar a Consellería de Política Social e Sanidade e a Presidencia da Xunta de Galicia que posibilite a apertura dos centros ocupacionais da provincia de Ourense, nomeadamente, a ASOCIACIÓN LIMISI de Xinzo de Limia, para a realización de terapias individuais coa flexibilidade de avanzar a pequenos grupos (se a situación o permite) cumprindo coas medidas de distanciamento, prevención e hixiene.

Ourense, 9 de Xuño de 2020



D<sup>a</sup>. Montserrat Lama Novoa

---

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**